

PROXECTO  
EDUCATIVO  
DE  
CENTRO

CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO

## **ÍNDICE**

### **1.- INTRODUCCIÓN-MARCO LEGAL**

### **2.- ANÁLISE DO CONTORNO E CARACTERÍSTICAS DO CENTRO**

O contorno

O centro escolar

Persoal docente

Persoal non docente

Características do alumnado

Breve historia do centro

Datos xerais

Centros adscritos

Horario

Servizos complementarios

Comedor escolar

Transporte escolar

Oferta educativa

Equipamento

Criterios para o agrupamento do alumnado

Medidas organizativas e pedagógicas par o período de adaptación en Educación Infantil

Plan específico de reforzo e recuperación para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso

### **3. - SINAIS DE IDENTIDADE**

Principios educativos xerais

Principios educativos específicos

### **4.- PLAN DE ACCIÓN ENCAMIÑADO Á CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS**

Educación Infantil

Educación primaria

Educación secundaria obrigatoria

Do alumnado

Dos pais e nais

Das relacións con outras institucións

### **5. ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO E DIRECCIÓN DO CENTRO**

O Consello Escolar

O Claustro de profesores

A Dirección do centro

**O equipo directivo**

**Competencias do Director**

## **6.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA**

**Equipos docentes**

**Departamentos didácticos**

**Comisión de coordinación pedagóxica**

**Equipo de dinamización da lingua galega**

**Equipo de actividades complementarias e extraescolares**

## **7.- PROXECTOS A DESENVOLVER**

**Proxecto lector de centro**

**Plan de integración das tecnoloxías de información e a comunicación  
(TIC)**

## **8.- DINAMIZACIÓNS ESPECÍFICAS A DESENVOLVER**

## **9.- RÉXIME DE FUNCIONAMENTO**

**Documentos de referencia que definen o modelo de xestión organizativa e pedagóxica**

**Proxecto Educativo de Centro**

**Atención á diversidade do alumnado**

**Alumnado procedente do estranxeiro**

**Alumnos con necesidades educativas especiais**

**Criterios para o agrupamento do alumnado**

**Medidas organizativa para o alumnado que non curse as ensinanzas de relixión.**

**Plan de acción titorial**

**Plan de convivencia**

**Igualdade de mulleres e homes**

**Normas de organización e funcionamento**

**Proxecto curricular de centro**

**A programación xeral anual**

**Memoria anual do centro**

## **10.- ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL**

## **11.- RÉXIME ECONÓMICO DO CENTRO**

## 1.- INTRODUCCIÓN – MARCO LEGAL

Na LOMCE, no artigo 121 establécese que os centros deben elaborar un Proxecto Educativo de Centro seguindo as seguintes directrices:

- O Equipo directivo elaborará o PEC partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro.
  
- Os apartados que se incluírán no PEC serán os seguintes:
  - Obxectivos do centro
  - Fins e intencións educativas
  - Oferta educativa
  - Organización xeral
  - Relacións coas familias e institucións
  - Documentos de referencia do Centro
  
- Consello Escolar avaliará e dará o visto e prace ao PEC
- A inspección educativa supervisará o PEC, comprobando a súa adecuación ó establecido na lexislación vixente.

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base para a elaboración dos diferentes proxectos. Así mesmo complétase con outros documentos de xestión que se relacionan no último epígrafe.

## **2.- ANÁLISE DO CONTORNO E CARACTERÍSTICAS DO CENTRO**

### **O contorno**

O Concello de Boqueixón está situado entre Santiago de Compostela e o Val do Ulla. Limita ao norte cós municipios de O Pino e Santiago, ao sur có de Vedra e coa provincia de Pontevedra, ao leste có de Touro e coa provincia de Pontevedra e ao oeste cós de Santiago e Vedra.

Ten unha superficie de 70,1 km e unha poboación en torno aos 4500 habitantes, agrupados en 14 parroquias pertencentes á arquidiocese de Santiago, con 10 entidades de poboación. Estas parroquias son: Boqueixón, Codeso, Donas, Gastrar, Granxa, Lamas, Ledesma, Lestedo, Loureda, Oural, Pousada, Sergude, Sucira e Vigo.

A capital do municipio é o lugar de O Forte, que dista 15 km de Santiago e 85 km da capital da provincia. Os núcleos máis poboados son Sergude, Oural e Lestedo.

As principais vías de comunicación son: a estrada N 525 (Santiago - Zamora) que atravesa o termo municipal polo seu límite occidental; a AC 960 que parte da anterior na Susana (a 8 km de Santiago) e que é a principal arteria de comunicación entre os lugares e aldeas do municipio (Sergude, O Forte, Camporrapado, Ledesma); a AC 940 (Arzúa - Ponte Ulla) que se cruza coa anterior no núcleo de Vilar (Touro); e por último a liña de ferro Zamora - A Coruña que atravesa o extremo oeste do concello e ten un apeadeiro na Susana.

As pistas do aeroporto internacional de Santiago penetran no extremo norte do Termo municipal de Boqueixón.

O relevo é bastante accidentado con amplos vales que se abren hacia a cunca do Ulla (unha das depresións máis baixas da provincia). A maior elevación alcanza os 550 m - o Pico Sacro, ao sur -, séguelle o monte Castelo, ao norte, con 497 m . A cota mínima sitúase nos 60 metros.

Presenta un clima oceánico húmido de suaves invernos e precipitacións abundantes. A temperatura media é de 13º C, e as precipitacións anuais superan os 1700 mm .

## **A poboación**

Boqueixón conta cunha poboación, segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) do ano 2013, de 4370 habitantes.

Ano	2009	2010	2011	2012	2013
Poboación	4462	4444	4430	4370	4370

O concello amosa unha estrutura poboacional con rasgos propios dunha área rural. Destaca a poboación ocupada no sector servizos e a agricultura. A gandería, baseada na pequena explotación, ocupa a numerosas persoas. A porcentaxe de poboación ocupada alcanza o 85,17%.

## **O centro escolar**

A orixe do centro escolar foi o resultado da agrupación das distintas escolas unitarias da zona para pasar a transformarse en Colexio de Preescolar e EXB (anos 70). Posteriormente, coa entrada en vigor da LOXSE, converteuse nun Centro Público Integrado que escolariza a alumnos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

## **As instalacións**

O centro está distribuído en dous recintos separados por unha rúa e consta de tres edificios. O primeiro recinto, e máis antigo, consta de dous edificios que albergan a alumnos de Educación Infantil e Primaria distribuídos da seguinte maneira:

### **Edificio A:**

Sete aulas que ocupan alumnos de segundo e terceiro ciclo de Educación Primaria, dúas aulas de desdobres, aula de idiomas, aula de música, sala de profesores, biblioteca, sala de arquivos, dous cuartos trasteiros, conserxería, cociña, comedor, salón de usos múltiples e servizos hixiénicos para profesores e alumnos.

### **Edificio B:**

Dúas aulas adaptadas de Educación Infantil, dúas aulas para alumnos de primeiro ciclo de Educación Primaria, dúas aulas para desdobres, aula de audición e linguaxe, aula de pedagogía terapéutica e sevizos hixiénicos para profesores e alumnos.

O segundo recinto está ocupado polo terceiro edificio que consta das seguintes dependencias:

**Planta superior:**

Oito aulas destinadas a alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria, dúas aulas para desdobres, laboratorio, aula de informática, aula de plástica e visual, aula de música, cinco dependencias nas que se distribúen os distintos departamentos didácticos e servizos hixiénicos para alumnos.

**Planta inferior:**

Aula taller, biblioteca, dependencias administrativas, despacho de orientación, sala de profesores, dependencias á disposición das asociacións de pais de alumnos, das asociacións de alumnos, sala de usos múltiples, conserxería e servizos hixiénicos para profesores e alumnos.

Os dous recintos dispoñen dun patio de recreo e dunha pista polideportiva cada un. O centro fai uso en horario lectivo dun polideportivo e dun ximnasio de titularidade municipal.

**Persoal docente**

**Unidades escolares e postos de traballo**

Segundo a orde do 30 de xullo de 2013, pola que se modifica o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial o número de unidades escolares e postos de traballo neste centro é o seguinte:

UNIDADES POSTOS DE  
TRABALLO

IN	EP	T	EI	EP	FI	FF	E	EF	PT	AL	D	O	T
F							M				O	C	
2	7	9	2	6	1	1	1	1	1	0	0	0	13

Unha profesora de Relixión

Segundo a Orde do 26 de outubro de 1998 pola que se establecen os cadros de persoal dos institutos de educación secundaria e dos centros públicos integrados, estes son os postos de traballo do corpo de profesores de educación secundaria que corresponden a este centro:

4	5	6	7	8	9	10	11	16	17	18	19	53	T
1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	12
1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	12

Unha profesora de Relixión

### **Persoal non docente**

O centro dispón de dous conserxes, persoal administrativo, unha cociñeira e tres axudantas e persoal de limpeza.

### **Características do alumnado**

A economía das familias ven determinada pola proximidade de Compostela; explotacións gandeiras, agrícolas, forestais e servizos serían os principais ocupacións das familias. Podemos falar dun nivel socio-económico medio. A vida cultural céntrase en boa medida na presenza do centro escolar, nas aportacións do concello a través dous centros socio-culturais e a proximidade á cidade de Santiago.

### **Breve historia do centro.**

A orixe do centro foi resultado das agrupacións das distintas escolas unitarias da zona, converténdose en colexio de preescolar e EXB. Posteriormente coa entrada en vigor da LOXSE converteuse nun Centro Público Integrado que escolariza a alumnos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

### **Datos xerais**

Código do Centro	15001665
Teléfonos	881866781-881866783
Fax	881866789
E-mail	Cpi.antonio.orza.couto@edu.xunta.es
Páxina Web	www.edu.xunta.es/centros/cpiantonioorzacouto

### **Centros adscritos**

Os centros de Educación Infantil adscritos a este centro son:

- EEI de Sergude
- EEI de Camporrapado



## **Horario**

- O centro permanecerá aberto de 9:00 a 17:30

- **Xornada escola**

• **Educación Infantil e Primaria:**

- De luns a venres: 9:00 a 14:00

• **Educación Secundaria:**

- De luns a venres: de 9:00 a 14:30

- Tarde do luns: de 15:45 a 17:25

• **Comedor:** de 14:00 a 15.30

## **Servizos complementarios**

### **Comedor escolar**

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de servir a Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa.

Así, o comedor escolar, ademais de cumprir unha función básica de alimentación e nutrición, está integrado na vida e organización do centro de tal maneira que a súa programación, desenvolvemento e avaliación forma parte da programación xeral anual do centro educativo.

#### **Obxectivos:**

1. Proporcionar ós alumnos/as unha dieta equilibrada.
2. Fomentar nos escolares a adquisición de hábitos dietéticos e hixiénicos alimentarios e de convivencia.

### **Transporte escolar**

Teñen dereito á gratuidade do transporte escolar o alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria e Ensinanza Secundaria Obligatoria que teña o seu domicilio fóra do núcleo urbano no que está situado o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km.

A totalidade dos autobuses dispoñen de acompañante escolar que é a persoa encargada do coidado dos menores durante o transporte e as operacións de acceso e abandono do vehículo, así como da recollida e acompañamento do alumnado dende e ata o interior do recinto escolar.

Dende a dirección, en quen recae a responsabilidade de que o servizo de transporte escolar se faga en condicións de calidade e seguridade, promoveranse cursos de educación vial para incidir na importancia de coñecer

os riscos e beneficios do tráfico e máis concretamente do transporte escolar.

Rutas de transporte:

<b>Nº</b>	<b>RUTA</b>
1	CPI-Rebordaos
2	CPI-Burgo(Lamas)
3	CPI-Gándara
4	CPI-Granxa
5	CPI-Corna
6	CPI-Rubio

### **Oferta educativa**

As ensinanzas que se imparten no centro son:

- Educación Infantil
- Educación primaria
- Educación secundaria obrigatoria
- Pedagogía terapéutica
- Audición e linguaxe

**Centro plurilingüe:** impártese a materia de Plástica en lingua inglesa en toda a Educación primaria .

**PROA (Programa de reforzo, orientación e acompañamento)**

**Actividades extraescolares: Organizadas pola ANPA e o**

**Concello**

#### **Equipamento**

O centro dispón de tódolos materiais necesarios para desenvolver unha educación integral. No referente ás TIC contamos cos recursos audiovisuais, informáticos e tecnolóxicos suficientes, que serven para favorecer o traballo nas aulas, e permiten a participación activa.

#### **Criterios para o agrupamento do alumnado**

**Como norma xeral , seguiranse os seguintes criterios:**

- a) Orde alfabética dos alumnos que teñen os mesmos anos de escolaridade, repártense ao 50%, tratando de lograr un equilibrio

entre nenos e nenas.

- b) Orde alfabética dos alumnos que teñen un ano máis de escolaridade, repártense ao 50%, tratando de lograr un equilibrio entre nenos e nenas.
- c) Orde alfabética dos alumnos que teñen dous anos máis de escolaridade, repártense ao 50%, tratando de lograr un equilibrio entre nenos e nenas .
- d) Orde alfabética dos alumnos de nova matrícula, repártense ao 50%.
- e) De haber alumnos con NEE ou problemática especial que deberá ser advertida pola xunta de avaliación ao final de curso , tamén se repartirán ao 50%.
- f) Estudar a conveniencia de incluír en grupos distintos aos irmáns.
- g) En primeiro curso de Primaria as proporcións entre alumnos de Infantil do centro e os procedentes das escolas adscritas serán equilibradas.
- h) Priorizaranse os desdobres nos cursos inferiores.
- i) En Educación Infantil o agrupamento do alumnado é decisión das profesoras titoras desta etapa.

Como norma xeral, as aulas consideraranse mixtas. Agruparanse alumnos de 3, 4 e 5 anos nunha mesma titoría permanecendo coa mesma titora durante toda a etapa.

Esta norma poderá ser revisada anualmente, en función da matrícula do alumnado de nova incorporación e outras situacións que puideran afectar ao funcionamento das aulas.

O reparto do alumnado seguirá os criterios que rexen en Primaria.

- j) En todo caso, a xunta de avaliación poderá determinar e resolver calquera excepcionalidade.
- k) En Secundaria será a xunta de avaliación quen determine os agrupamentos.

### **Medidas organizativas e pedagóxicas par o período de adaptación en Educación Infantil**

Seguindo a normativa vixente, e favorecendo a conciliación laboral e familiar das familias dos nenos de 3 anos, este alumnado asiste a clases dende o primeiro día en horario reducido, no tempo que establece o calendario escolar.

O espazo temporal que comprende a adaptación dura dende as 12:30 horas ata as 15:30. Neste tempo o alumnado de 3 anos participa en diversas actividades: recreo ao aire libre, traballo na aula, comedor, regreso a casa en autobús... En todo caso, este horario é revisable en función da realidade de cada familia.

### **Plan específico de reforzo e recuperación para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso**

Cando un alumno non promocioe de curso permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta repetición irá acompañada dun plan de recuperación das aprendizaxes non adquiridas co fin de favorecer a adquisición das competencias básicas.

Correspóndelles aos titores en Primaria e a departamentos didácticos en secundaria, co apoio do departamento de orientación, a organización deste plan, que será recollido nas programacións didácticas.

#### **ACTUACIÓNS:**

- Atención personalizada.
- Adaptar o material didáctico.
- Propoñer actividades de reforzo.
- Metodoloxía adaptada segundo as necesidades do alumno.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumno.

#### **AVALIACIÓN**

A avaliación do plan de reforzo será tida en conta para os efectos de cualificación das materias non superadas.

### **3. - SINAIS DE IDENTIDADE**

#### **OBXECTIVOS XERAIS**

- Asegurar a transparencia, democracia e participación de todos os sectores da comunidade educativa na xestión do centro.
- Establecer unha comunicación e información baseadas no diálogo e o

respecto.

- Velar pola efectiva realización dos fins da educación, pola mellora da calidade do ensino e pola configuración dun auténtico ensino galego cun total respecto os principios e valores da Constitución e do Estatuto de Autonomía.
- Garantir o exercicio dos dereitos recoñecidos ao alumnado, profesorado, pais e nais de alumnos e persoal de administración e servizos.
- Favorecer a participación de tódolos membros da comunidade educativa na vida do centro, na súa xestión e avaliación.
- Impulsar o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación na actividade lectiva e favorecer o acceso ás mesmas ao alumnado.
- Realizar unha planificación nutricional que mellore os hábitos dietéticos dos usuarios do comedor escolar.
- Establecer un plan de mellora do rendemento académico dos alumnos, intensificando instrumentos como o plan de orientación académica e profesional e o plan de acción tutorial.
- Velar para que os alumnos reciban unha educación integral, científica e de valores, baseada nos mesmos principios, sen discriminación por razón de sexo, crenzas, lugar de procedencia...
- Fomentar a educación nos principios da paz, a cooperación e a solidariedade.
- Impulsar unha educación baseada na reflexión, o sentido crítico, o interese polo saber, esforzo persoal, capacidade creativa, hábitos de traballo, hixiene, conduta..., valores e normas.
- Potenciar procesos de participación e colaboración cos diversos membros da comunidade educativa e institucións do contorno públicas ou privadas.
- Potenciar a fixación dos obxectivos do centro tendentes a lograr a normalización lingüística.
- Impulsar e estimular a formación continua e o perfeccionamento do profesorado, así como a innovación e a investigación educativas.
- Impulsar procedementos para a avaliación interna do centro.
- Impulsar o regulamento do funcionamento do servizo de comedor escolar.
- Impulsar o proxecto educativo de centro de acordo cos criterios que estableza o consello escolar e as propostas do claustro de profesores.
- Poñer en práctica o plan de autoprotección do centro.

## **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

A organización xeral do centro orientarase a consecución de:

1. O pleno desenvolvemento da personalidade do alumno.
2. A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
3. A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
4. A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
5. A formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural de Galicia, España e Europa.
6. A preparación para participar activamente na vida social e cultural.
7. A formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.

## **Principios educativos xerais:**

A actividade educativa desenvolverase atendendo ao cumprimento dos seguintes principios:

1. A formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores morais dos alumnos e alumnas en todos os ámbitos da vida, persoal, familiar, social e profesional.
2. A participación e colaboración dos pais e titores para contribuír á mellor consecución dos obxectivos educativos.
3. A efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, o rechazo a todo tipo de discriminación e o respecto a todas as culturas.
4. O desenvolvemento das capacidades creativas e do espírito crítico.
5. O fomento dos hábitos de comportamento democrático.
6. A autonomía pedagóxica dentro dos límites establecidos polas leis, así como a actividade investigadora dos profesores a partir da súa práctica docente.
7. A atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional
8. A metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado nos procesos de ensinanza e aprendizaxe a través das TIC.
9. A avaliación dos procesos de ensinanza e aprendizaxe.
10. A relación co entorno social, económico e cultural.
11. A formación no respecto á defensa do medio ambiente.
12. O plurilingüismo convertiuse nun sinal de identidade do centro, así pois, é

preciso ofertar o bilingüismo en todos os niveis educativos e posibilitar a integración no ensino bilingüe ao alumnado que inicialmente non o elixe.

### **Principios educativos específicos:**

a) **Liberdade:** A educación debe capacitar aos alumnos e alumnas para a libre elección, dende o coñecemento, entre as diversas opcións que na vida se ofrecen tendo a coeducación como referencia.

b) **Igualdade:** A educación debe promover a consecución efectiva da igualdade entre as persoas proclamada no artigo 14 da Constitución Española, “ *non pode prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social*”, e tamén nos artigos 9º e 10º da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes onde se recolle o dereito a unha educación non sexista e a participación activa en igualdade de homes e mulleres, e, especialmente, o Apartado d) do citado Artigo 9, “*o fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopan infrarrepresentados os homes, evitar as decisións derivadas de prexuízos*”.

c) **Solidariedade, tolerancia e respecto** serán valores que rexerán as relacións duns alumnos cos outros independentemente da súa orixe, relixión ou procedencia. Na educación deben transmitirse os hábitos tendentes a conseguir un clima de PAZ e TOLERANCIA no centro docente, de forma que cree nos individuos unha cultura de “NON VIOLENCIA” e o respecto aos demais.

d) **Responsabilidade** de todos os membros da comunidade educativa no exercicio das súas funcións, aceptando as normas de convivencia. Potenciarase nos alumnos e alumnas a súa parte de responsabilidade no seu proceso educativo, valorando a realización das tarefas necesarias relacionadas coa súa aprendizaxe e vida no centro.

e) **Promoción e uso da lingua galega** entre todos os estamentos que forman a comunidade educativa: profesorado, pais/nais, alumnos e persoal de Administración e Servizos. O uso da lingua galega debe promocionarse tanto a nivel oral como escrito e igualmente nas comunicacións externas e internas. Igualmente tentaremos de achegar ao alumnado inmigrante no coñecemento progresivo da nosa lingua garantizando a plena igualdade coa outra lingua

oficial da comunidade

f) **Participación democrática.** A vida en democracia precisa que formemos cidadáns que, desde a súa liberdade, participen libre e responsablemente nas institucións políticas e sociais, e capaces de respectar en todo momento as leis e normas vixentes.

g) **Transmitir** á nosa comunidade educativa unha idea dunha Europa unida e plural da que formamos parte, promocionando as linguas a través dos PAP e as seccións europeas.

h) **Curiosidade científica, humanística e especialmente artística,** verdadeiro motor do interese por explorar e intentar coñecer o mundo que nos rodea.

i) **Fomento do esforzo e da autodisciplina** como valores necesarios para conseguir un fin.

j) **Participación activa** no seu propio aprendizaxe e na vida académica do centro.

k) **Respecto e defensa do medio ambiente** (hábitos saudables e consumo responsable).

l) **Integración.** A educación favorecerá a integración dos alumnos con necesidades educativas especiais e procedentes doutras culturas alleas a nosa.

m) **Promoción** do uso das TICs entre o profesorado, alumnado e a comunidade educativa.

#### **4.- PLAN DE ACCIÓN ENCAMIÑADO Á CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS**

##### **Educación Infantil**

- Na educación infantil atenderase ao desenvolvemento afectivo, o movemento e os hábitos de control corporal, ás primeiras manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social e ao descubrimento do contorno inmediato.

- Os contidos educativos organizaranse en áreas correspondente a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e se abordarán por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para os alumnos.

- Iniciación á lecto-escritura e ás habilidades numéricas básicas, así como nas tecnoloxías da información e da comunicación e unha aproximación á unha primeira lingua estranxeira.



### **Educación primaria**

- A finalidade da educación primaria é facilitar aos alumno as ensinanzas da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, e o hábito de convivencia así como os de estudo e traballo, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos.
- Nesta etapa porase especial énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo.
- Ao finalizar o segundo ciclo realizarase unha avaliación xeral de diagnóstico das competencias básicas alcanzadas polos alumnos. Esta avaliación terá carácter formativo e orientador para o centro, e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.

### **Educación secundaria obrigatoria**

- A finalidade da educación secundaria obrigatoria é a de transmitir aos alumnos os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos científico, artístico, tecnolóxico e humanístico; afianzar hábitos de estudo e traballo que favorezan a aprendizaxe autónoma e o desenvolvemento das súas capacidades; formalos para que asuman os seus deberes e exerzan os seus dereitos e preparamos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral.

### **Do alumnado**

Todos os alumnos teñen os mesmos dereitos e deberes, sen máis distincións que as derivadas da súa idade e do nivel que estean cursando.

### **Recoñécese ao alumnado os seguintes dereitos básicos:**

- A recibir unha formación integral que contribúa ó pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- A que se respecten a súa integridade e dignidade persoais.
- A que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade.
- A recibir orientación educativa e profesional.
- A que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas convicións relixiosas e morais, de acordo coa Constitución.
- Á protección contra toda agresión física e moral.

- Á participación no funcionamento e na vida do centro, de conformidade co disposto nas normas vixentes.
- A recibir as axudas e os apoios precisos para compensar as carencias e desvantaxes de tipo persoal, familiar, económico, social e cultural, especialmente no caso de presentar necesidades educativas especiais, que impidan ou dificulten o acceso e a permanencia no sistema educativo. Á protección social, no ámbito educativo, nos casos de infortunio familiar ou accidente.
- A que a **Xunta de delegados de alumnos e alumnas**, que estará integrada polos delegados ou delegadas dos cursos do terceiro ciclo de educación primaria e de educación secundaria, e os representantes do alumnado no Consello Escolar, se constitúa e asuma as súas competencias en cumprimento da lexislación que a ampara.

### **Dos pais e nais**

A comunicación e coordinación entre os profesores, especialmente os titores, e os pais repercute positivamente na educación e formación dos alumnos e alumnas, polo que se potenciarán todas aquelas iniciativas conducentes a mellorar a interrelación.

A participación dos pais e nais supón un elemento moi positivo na mellora do clima social do centro. A ANPA é un instrumento moi eficaz, proporciona unha canle estable e segura de comunicación e entendemento entre pais e profesores.

Cómpre apoiar á ANPA no seu cometido, facilitando a ampliación da súa base social e a participación deste colectivo nas súas actividades. Fai falta unha ANPA forte, ben significativa en número de asociados, e con gran capacidade de diálogo e colaboración.

### **Das relacións con outras institucións**

Fomentaranse as relacións co exterior, procuramos un centro aberto e dinámico, con proxección ao mundo. Estableceremos relacións estreitas co Concello na organización de actividades, o mantemento e a mellora do contorno do centro, así como cos centros da comarca e con outras institucións públicas ou privadas. Profundizaremos nas relacións cos centros adscritos (CRA Boqueixón-Vedra) para facilitar a integración dos novos alumnos.

## **5. ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO E DIRECCIÓN DO CENTRO**

A dirección está obrigada a respectar as atribucións que a lexislación reconece aos distintos órganos de goberno

### **O Consello Escolar**

Atribucións do Consello Escolar:

- a) Avaliar os proxectos e as normas a que se refire o capítulo II do título V da Lei Orgánica 8/2013.
- b) Avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.
- c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d) Participar na selección do director do centro, nos termos que a presente lei orgánica establece. Ser informado do nomeamento e cesamento dos demais membros do equipo directivo. Se fora o caso, logo de acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propor a revogación do nomeamento do director.
- e) Informar sobre a admisión de alumnos e alumnas, con suxeición ao establecido nesta lei orgánica e disposicións que a desenvolvan.
- f) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o consello escolar, por instancia dos pais, nais ou titores legais, poderá revisar a decisión adoptada e propor, se for o caso, as medidas oportunas.
- g) Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas a que se refire o artigo 84.3 da Lei Orgánica 8/2013, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero.
- h) Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar e emitir informe sobre a obtención de recursos complementarios, de acordo co establecido no artigo 122.3. da Lei Orgánica 8/2013
- i) Emitir informe sobre as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.

j) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.

k) Elaborar propostas e informes, por iniciativa propia ou por petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa súa calidade.

l) Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa.»

### **O Claustro de profesores**

O claustro de profesores é o órgano propio de participación dos profesores no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.

O claustro de profesores terá as seguintes competencias:

- Formular ao equipo directivo e ao Consello Escolar propostas para a elaboración dos proxectos do centro e da programación xeral anual.
- Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.
- Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos.
- Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- Elixir os seus representantes no Consello Escolar do centro e participar na selección do director nos termos establecidos pola Lei.
- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- Informar das normas de organización e de funcionamento do centro.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.

## **A Dirección do centro**

### **O equipo directivo**

O equipo directivo traballará de forma coordinada no desempeño das súas funcións, conforme ás instrucións do director e as funcións específicas legalmente establecidas.

### **Competencias do Director**

a) Exercer a representación do centro, representar a Administración educativa nel e facerlle chegar a esta as propostas, aspiracións e necesidades da comunidade educativa.

b) Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, sen prexuízo das competencias atribuídas ao claustro do profesorado e ao consello escolar.

c) Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos obxectivos do proxecto educativo do centro.

d) Garantir o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes.

e) Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro.

f) Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e impor as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos e alumnas, en cumprimento da normativa vixente, sen prexuízo das competencias atribuídas ao consello escolar no artigo 127 da Lei Orgánica 8/2013. Para tal fin, promoverase a axilización dos procedementos para a resolución dos conflitos nos centros.

g) Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro co contorno, e fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien una formación integral en coñecementos e valores dos alumnos e alumnas.

h) Impulsar as avaliacións internas do centro e colaborar nas avaliacións externas e na avaliación do profesorado.

i) Convocar e presidir os actos académicos e as sesións do consello escolar e do claustro do profesorado do centro e executar os acordos adoptados, no ámbito das súas competencias.

j) Realizar as contratacións de obras, servizos e subministracións, así como

autorizar os gastos de acordo co orzamento do centro, ordenar os pagamentos e visar as certificacións e documentos oficiais do centro, todo isto de acordo co que establezan as administracións educativas.

k) Propor á Administración educativa o nomeamento e cesamento dos membros do equipo directivo, logo de información ao claustro do profesorado e ao consello escolar do centro.

l) Aprobar os proxectos e as normas a que se refire o capítulo II do título V da Lei Orgánica 8/2013.

m) Aprobar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.

n) Decidir sobre a admisión de alumnos e alumnas, con suxeición ao establecido da Lei Orgánica 8/2013 nesta lei orgánica e disposicións que a desenvolvan.

ñ) Aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3. da Lei Orgánica 8/2013

o) Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.

p) Calquera outra que lle sexa encomendada pola Administración educativa.»

## **6.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA**

### **Equipos docentes**

Os mestres de educación infantil e primaria constituirán equipos docentes, que agruparán a tódolos mestres que impartan docencia nel.

Son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión do xefe de estudos de educación infantil e primaria, as ensinanzas propias do ciclo/curso.

### **Departamentos didácticos**

Son os órganos básicos de participación docente no ámbito pedagóxico da educación secundaria, baseados nos principios de traballo en equipo, encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das áreas ou materias correspondentes, e as actividades que se lles encomenden, dentro do

ámbito das súas competencias, como medio para a mellora do ensino e do perfeccionamento do profesorado.

### **Comisión de coordinación pedagóxica**

É o órgano de coordinación dos diferentes equipos e departamentos didácticos que asegura a coherencia entre o proxecto educativo de centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.

#### **Competencias:**

- a) Elevar propostas ó Claustro de Profesores co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- b) Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa nos que se incluíra o plan de orientación académica e profesional e o plan de acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.
- c) Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- d) Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, do plan de orientación académica e profesional, do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular e de garantía social, incluídos no proxecto curricular.
- e) Propoñer ó Claustro de Profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.
- f) Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
- g) Propoñer ó Claustro de Profesores a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e o calendario de exames ou probas extraordinarias, de acordo coa xefatura de estudos.
- h) Canalizar as necesidades de formación continuada do profesorado cara ó centro de formación continuada do profesorado.
- i) Propoñer ó director os profesores tutores que han de formar parte do departamento de orientación.
- j) Realizar a proposta ós xefes de estudos co fin de que se designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares. Propoñer os profesores que han de formar parte do equipo de normalización lingüística.

### **Equipo de dinamización da lingua galega**

O equipo de normalización lingüística constitúese para potenciar o uso da lingua galega no centro e mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

#### **Competencias:**

a) Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.

b) Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:

Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.

Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua galega propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

c) Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.

d) Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.

e) Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

f) Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación universitaria establece na súa normativa específica.

### **Equipo de actividades complementarias e extraescolares.**

O equipo de actividades extraescolares e complementarias encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

Terá, entre outras, as seguintes funcións:

- a. Elaborar a programación anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos ciclos/departamentos, do profesorado, do alumnado e dos pais e nais e as orientacións do claustro e comisión de coordinación pedagóxica.



- b. Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os departamentos e as asociacións de nais e pais.
- c. Organizar a utilización da biblioteca do centro.

Toda actividade deseñada e organizada polo Centro debe responder a criterios educativos e ter como obxectivo a formación integral do alumnado. Trátase de incluír todas as actividades extraescolares no Plan Xeral Anual, dándolles un contido complementario ao resto das actividades didácticas desenvolvidas nas aulas, e inseridas de pleno no currículo. Estas actividades deben saír con carácter xeral da iniciativa e da responsabilidade pedagóxica dun ou máis ciclos ou departamentos didácticos.

## **7.- PROXECTOS A DESENVOLVER**

### **Proxecto lector de centro**

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei Orgánica de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, actualízase o proxecto lector que integra todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.

O proxecto lector de centro é un documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha.

### **Plan de integración das tecnoloxías de información e a comunicación (TIC)**

Coa finalidade de que as tecnoloxías da información e a comunicación se incorporen como un recurso máis aos procesos de ensino-aprendizaxe, inclúese no proxecto educativo de centro, un plan de integración das tecnoloxías da información e comunicación que implica un cambio

metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofertan.

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula debe converterse nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións.

O centro está a participar no programa ABALAR, que é o proxecto que substancia a estratexia para a integración plena das TIC na práctica educativa e está integrado no programa E-dixgal, que supón que os alumnos de 5ºe 6º de primaria, e 1º e 2º ESO utilicen unha aplicación informática e que deixen de utilizar o libro de texto en formato papel.

## **8.- DINAMIZACIÓNS ESPECÍFICAS A DESENVOLVER**

Haberá dinamizadores específicos para realizar funcións referidas á **biblioteca, convivencia escolar e dinamización das tecnoloxías da información e comunicación.**

### **Serán funcións da dinamización de biblioteca:**

1. Elaborar o proxecto anual de biblioteca escolar e a memoria final.
2. Coordinar a elaboración e posta en práctica do proxecto lector de centro, coa participación de todo o profesorado.
3. Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar)
4. **Definir os criterios para o préstamo e atender ao servizo, que se estenderá á toda a comunidade educativa.**
5. Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización...

### **Serán funcións da dinamización de convivencia escolar:**

1. Seleccionar aqueles ámbitos do PAT que máis inciden na convivencia e revisar a súa adecuación.
2. Coordinar actuacións no centro, a realizar desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, de negociación e diálogo e de cultura de paz.
3. Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática.

É sabido por todos que os problemas de orde e convivencia ocupan unha parte do esforzo diario dos profesores, das enerxías e dos recursos humanos e organizativos do Centro. Tamén é sabido que as situacións conflitivas diminúen cando todos os que rodean ao alumno (profesores, pais e persoal non docente) están no seu lugar e saben ben cal é o seu papel en cada momento.

Sistematizar e analizar trimestralmente a evolución da convivencia e a orde no Centro a través dos organismos competentes (Consello e Comisión de convivencia), así como do Claustro de profesores.

**Serán funcións da dinamización das tecnoloxías de información e a comunicación:**

1. Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
2. Mantemento cotiá dos equipos informáticos do centro.
3. Dar soporte, no uso didáctico, do equipamento informático do centro, ao resto do claustro.

## **9.- RÉXIME DE FUNCIONAMENTO**

**Documentos de referencia que definen o modelo de xestión organizativa e pedagóxica**

**Proxecto Educativo de Centro**

O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas.

Este proxecto, que deberá ter en conta as características do ámbito social e cultural do centro, recollerá:

**Atención á diversidade do alumnado**

Potenciarase o Plan de Acompañamento (PROA) como plan de apoio estratéxico para aquel alumnado que mostre especiais dificultades de aprendizaxe e falta de hábitos de estudo.

**Alumnado procedente do estranxeiro**

A chegada de poboación de orixe estranxeiro á nosa Comunidade Autónoma, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está

a incidir de xeito notable na evolución da diversidade na nosa poboación escolar. O proxecto de centro incluírá os criterios de carácter organizativo e pedagógico para a atención ó alumnado procedente do estranxeiro, e incorporará os contidos e as accións que permitan a educación de todo o alumnado no coñecemento e respecto da diversidade cultural existente no centro. Tamén se incluírán plans de acollida e protocolos de escolarización, así como de seguimento do seu proceso de integración escolar por parte do profesorado.

### **Alumnos con necesidades educativas especiais**

Enténdese por necesidades educativas especiais as de tipo temporal ou permanente que estean asociadas á historia persoal e escolar ou debidas tanto a condicións de sobredotación intelectual como a calquera discapacidade ou situacións sociais ou culturais desfavorecidas, que pola súa especificidade supoñan diferenzas significativas no acceso ordinario ao currículo e, polo tanto, requiran de apoios e atencións educativas específicas. Tendo en conta que a responsabilidade da atención ao alumnado con necesidades educativas especiais abrangue a toda a comunidade educativa, faise precisa a participación conxunta dos diferentes profesionais implicados.

### **Criterios para o agrupamento do alumnado .**

#### **Como norma xeral , seguiranse os seguintes criterios:**

- a) Orde alfabética dos alumnos que teñen **os mesmos anos de escolaridade**, repártense ao 50%, tratando de lograr un equilibrio entre nenos e nenas.
- b) Orde alfabética dos alumnos que teñen **un ano máis de escolaridade**, repártense ao 50%, tratando de lograr un equilibrio entre nenos e nenas.
- c) Orde alfabética dos alumnos que teñen **dous anos máis de escolaridade**, repártense ao 50%, tratando de lograr un equilibrio entre nenos e nenas .
- d) Orde alfabética dos **alumnos de nova matrícula**, repártense ao 50%.

- e) De haber alumnos **con ACI ou problemática especial** que deberá ser advertida pola xunta de avaliación ao final de curso , tamén se repartirán ao 50%.
- f) Estudiar a conveniencia de incluír en grupos distintos aos irmáns.
- g) En primeiro curso de Primaria as proporcións entre alumnos de Infantil do centro e os procedentes das escolas adscritas serán equilibradas.
- h) Priorizaranse os desdobres nos cursos inferiores.
- i) En Educación Infantil o agrupamento do alumnado é decisión das profesoras titoras desta etapa.

Como norma xeral, as aulas consideraranse mixtas. Agruparanse alumnos de 3, 4 e 5 anos nunha mesma titoría permanecendo coa mesma titora durante toda a etapa.

Esta norma poderá ser revisada anualmente, en función da matrícula do alumnado de nova incorporación e outras situacións que puideran afectar ao funcionamento das aulas.

O reparto do alumnado seguirá os criterios que rexen en Primaria.

- j) En todo caso, a xunta de avaliación poderá determinar e resolver calquera excepcionalidade.
- k) En Secundaria será a xunta de avaliación quen determine os agrupamentos.

### **Plan de acción titorial**

O plan de acción titorial debe concretar as actuacións do primeiro nivel de orientación, aquel que corresponde a todo o conxunto do profesorado.

Actuacións:

1. Establecer criterios claros para a adxudicación das titorías, dentro do respecto ao establecido na normativa correspondente.
2. Incorporar contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos e a dinámica de grupos.
3. Incorporar obxectivos a curto prazo referidos a algún aspecto moi concreto da convivencia: coidado das entradas e saídas das clases e do centro, uso respectuoso da linguaxe, normas de corrección no

trato ou coidado dos materiais e instalacións.

4. Mellora das canles de comunicación coas familias.

### **Plan de convivencia**

Trátase de elaborar instrumentos educativos para afrontar a conflictividade, non soamente correctores ou sancionadores, que permitan a mellora da convivencia no centro.

### **Igualdade de mulleres e homes**

Aínda queda moito camiño que percorrer para acadar unha verdadeira igualdade de homes e mulleres na sociedade actual. Por iso, e en cumprimento da Lei 7/2004, do 16 de xullo, cómpre seguir traballando e impulsando medidas pedagóxicas dirixidas tanto ao alumnado coma á comunidade educativa en xeral.

### **Normas de organización e funcionamento**

O NOF non se debe entender só como un código de sancións, senón como a concreción e aplicación das normas que rexen as actuacións do centro. Como documento vivo que é, debe ser periódicamente revisado.

#### **Contidos:**

- a. Organización práctica da participación de todos os membros da comunidade educativa e o funcionamento das estruturas participativas.
- b. Normas de convivencia que favorezan as relacións entre os distintos membros da comunidade educativa.
- c. Canles de coordinación entre os órganos de goberno e os distintos coordinadores, titores, equipo de normalización lingüística e o xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- d. Organización e reparto de responsabilidades non definidas na normativa vixente.
- e. Organización dos espazos e instalacións do centro e normas para o seu correcto uso.
- f. Funcionamento dos servizos educativos do centro.

### **Convivencia e resolución de conflitos**

A disciplina, entendida como aceptación das normas de convivencia vixentes, é sen dúbida un instrumento para acadar o nivel de convivencia necesario que posibilite o fin educativo. As correccións disciplinarias serán sempre, tal e como indica a lexislación vixente, tendentes a corrixir dende o

punto de vista educativo o comportamento incorrecto do alumno. Algunhas indicacións importantes a ter en conta:

1. É necesario falar co alumno para que comprenda o motivo do seu comportamento incorrecto.
2. Independentemente da corrección disciplinaria o alumno ou alumna debe habituarse a pedir desculpas cando se equivoque.
3. É importante involucrar á familia na corrección disciplinaria, sendo esta realmente eficaz cando hai unha sintonía entre a familia e os docentes.
4. Terase especialmente en conta o recoñecemento espontáneo do erro cometido.
5. Cando o problema sexa entre alumnos ou alumnas, procuraranse habilitar fórmulas de mediación para a resolución do conflito de fondo, independentemente das correccións disciplinarias que se impoñan.

### **Proxecto curricular de centro**

O proxecto curricular de centro é a concreción das intencións educativas do centro, a adaptación, desenvolvemento e contextualización do deseño curricular base á especificidade do propio centro.

Debe ser un instrumento que permita a planificación da acción educativa e a reflexión sobre a propia práctica docente, polo que o proceso de elaboración deberá ter en conta as características e condicións do centro e o seu contorno, do alumnado e do equipo de profesores del.

### **A programación xeral anual**

A programación xeral anual incluirá entre outros os seguintes documentos:

- a. O Plan anual, no que se recollerán os obxectivos específicos que o centro se propón conseguir no curso académico, medidas que se van desenvolver para a súa consecución e recursos previstos para o efecto.
- b. O horario xeral do centro e criterios pedagóxicos para a súa elaboración.
- c. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares
- d. Documento de organización de centro, que incluirá a estrutura orgánica, a estatística de principio de curso e a situación das instalacións e do equipamento.

- e. Programación anual de formación do profesorado e organización dos servizos complementarios.
- f. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente.

### **Memoria anual do centro**

O rematar o curso escolar, o Consello Escolar, o Claustro de Profesores, e o equipo directivo avaliarán, cada quen no ámbito das súas competencias, o grao de cumprimento dos distintos documentos que constitúen a programación xeral anual, establecendo, se é o caso, as medidas correctoras oportunas. As conclusións máis significativas, que comprenderán unha estimación do alcance dos obxectivos fixados e os resultados obtidos na actividade docente, serán recollidas nunha memoria anual do centro.

## **10.- ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL**

O principal desenvolvemento da orientación educativa terá lugar a través do exercicio da acción tutorial. Tanto a orientación educativa e profesional como a acción tutorial comprenderá entre outros, os seguintes aspectos:

a. Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e a prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e alumnas.

b. Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.

c. Informar ao alumnado dos recursos laborais e profesionais ó seu alcance e propoñer a realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisión sobre os eu futuro.

d. Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, á construción do autoconcepto e da autoestima e no proceso de toma de decisións.



## **11.- RÉXIME ECONÓMICO DO CENTRO**

O orzamento anual de ingresos comprenderá unha previsión detallada de todos os ingresos que o centro vaia recibir no exercicio orzamentario, que abranguerá desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de cada ano.

O secretario do centro elaborará o anteproxecto de orzamento anual do centro, e este converterase en proxecto unha vez aprobado pola Comisión Económica do centro. O proxecto de orzamento, que irá xunto cunha memoria xustificativa que defina os obxectivos que se pretenden conseguir, será presentado pola Comisión Económica ó Consello Escolar, para que proceda ó seu estudo e aprobación, se é o caso.

O director do centro presentará ao Consello Escolar, para a súa aprobación, a conta de xestión do orzamento, referida ó 31 de decembro da cada exercicio, previo informe do Claustro de profesores.

O presente documento (Proxecto Educativo de Centro) foi informado favorablemente polo Claustro de Profesores e aprobado pola Consello Escolar en reunión celebrada do día 7 de setembro de 2015